



Folla de sala / Galego

## CLAUSTRO

3

O claustro do Museo Provincial de Lugo, un dos escasos exemplos de claustros franciscanos medievais de España, constitúe, xunto coa cociña e o refectorio, unha das antigas dependencias do vello convento de San Francisco que, en 1931, foi declarado Monumento Histórico Artístico (hoxe Ben de Interese Cultural). Aínda que de estrutura románica, trátase dunha interesante e enigmática obra realizada no século XV, segundo se desprende de dúas inscricións en caracteres góticos que nel se conservan.

De planta cuadrangular, pero trazado en falsa escuadra, cada unha das catro frontes deste claustro está formada por tres grupos de arcadas, separadas por machóns, con arcos de medio punto a base de baquetóns e escocias, sendo os do lado norte de maior tamaño. As columnas presentan capiteis con artística decoración, na que predominan os motivos vexetais, pero hainos tamén xeométricos, zoomórficos e antropomórficos. A parte superior é do século XVIII e tivo como artífice a Blas de Barro.

No centro do claustro atópase o primitivo pozo do convento franciscano, con peitoril de cantaría e muro de cachotería.

No corredor norte atópase unha das mellores coleccións de **reloxos de sol** de España, tanto en número como en variedade de formas, materiais e tipos, que datan dos séculos XVII, XVIII e XIX e, no que foi o acceso á **antiga sala capitular**, diversos restos arqueolóxicos, fundamentalmente de época romana.

Na banda leste é onde se concentra a meirande parte das mostras de **epigrafía** do museo, que abrangue inscricións romanas e medievais, estas últimas cunha cronoloxía que vai do século VIII ao XV, mentres que as primeiras localízanse en aras, estelas e miliarios.

Fragments dun singular **baldaquino** gótico flamíxero, sartegos antropomórficos prerrománicos e outros con tapas ornamentadas con estatuas xacentes, constitúen os exemplos máis salientables da ala sur, localizándose na oeste modillóns románicos, fragmentos de columna, bases, etc. Deste variado mostrario resaltaremos a colección de **capiteis** de tipoloxía diversa: tardorromanos, visigóticos, románicos, góticos, renacentistas....

Repartidos polas catro alas, esta dependencia do museo alberga tamén **pedras heráldicas** que amosan as armas dalgunhas das máis importantes familias nobres galegas.



Hoja de sala / Castellano

## CLAUSTRO

3

El claustro del Museo Provincial de Lugo, uno de los escasos ejemplos de claustros franciscanos medievales de España, constituye, junto con la cocina y el refectorio, una de las antiguas dependencias del viejo convento de San Francisco que, en 1931, fue declarado Monumento Histórico Artístico (hoy Bien de Interés Cultural). Aunque de estructura románica, se trata de una interesante y enigmática obra realizada en el siglo XV, según se desprende de dos inscripciones en caracteres góticos que en él se conservan.

De planta cuadrangular, pero trazado en falsa escuadra, cada uno de los cuatro frentes de este claustro está formado por tres grupos de arcadas, separadas por machones, con arcos de medio punto a base de baquetones y escocias, siendo los del lado norte de mayor tamaño. Las columnas presentan capiteles con artística decoración, en la que predominan los motivos vegetales, pero los hay también geométricos, zoomórficos y antropomórficos. La parte superior es del siglo XVIII y tuvo como artífice a Blas de Barro.

En el centro del claustro se encuentra el primitivo pozo del convento franciscano, con brocal de cantería y muro de mampostería.

En el corredor norte se encuentran una de las mejores colecciones de **relojes de sol** de España, tanto en número como en variedad de formas, materiales y tipos, que datan de los siglos XVII, XVIII y XIX y, en lo que fue acceso a la **antigua sala capitular**, diversos restos arqueológicos, fundamentalmente de época romana.

En la crujía este es donde se concentra la mayor parte de las muestras de **epigrafía** del museo, que abarca inscripciones romanas y medievales, estas últimas con una cronología que va del siglo VIII al XV, mientras que las primeras se localizan en aras, estelas y miliarios.

Fragmentos de un singular **baldaquino** gótico flamígero, sarcófagos antropomórficos prerrománicos y otros con tapas ornamentadas con estatuas yacentes, constituyen los ejemplos más destacables del ala sur, localizándose en la oeste modillones románicos, fragmentos de columna, bases, etc. De este variado muestrario resaltaremos la colección de **capiteles** de tipología diversa: tardorromanos, visigóticos, románicos, góticos, renacentistas...

Repartidos por las cuatro alas, esta dependencia del museo alberga también varias **pedras heráldicas** que muestran las armas de algunas de las más importantes familias nobles gallegas.